

ORDENANZA FISCAL Nº 19, REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION DO XIMNASIO DA CASA DA CULTURA.

Artº.1.º. Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidades co disposto na Lei 39/ 1988, do 28 de decembro, este Concello acorda a imposición ordenación da Taxa pola utilización do ximnasio da casa da cultura municipal, conforme o regulamento de réxime interno aprobado polo Pleno do Concello.

Artº.2º. Obriga do pago.

Están obrigados ó pago da taxa regulada pola presente ordenanza, os solicitantes dos servicios e actividades deste Concello, referidas no artigo anterior.

Art.3º. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten os servicios, utilicen os bens e instalacións.

Art.4º. Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 de Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Art.5º. Cota tributaria.

Entrada diaria 0,60 €, adquiríndose a mesma no ximnasio, previo pago ó encargado da vixilancia das instalacións.

Lotes de 30 entradas, 13,52 €, a razón de 0,45 € entrada. Adquiríndose, previo pago, nas dependencias municipais (tesourería).

Art.6.º. Beneficios fiscais.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Art.7º.Devengo.

A obriga de pago nace desde que se solicita a prestación dos servicios especificados no artigo primeiro.

O pago da Taxa efectuarase no momento de entrada no recinto do ximnasio ou ó solicitar os lotes de entradas nas dependencias municipais.

A Entrada deberá levarse sempre que se queira facer uso das instalacións e debe mostrarse cando o solicite o encargado de vixilancia das instalacións.

Art.8º. Infraccións e sancións.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza fiscal, que foi aprobada polo pleno da corporación 29 -10-98 , entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.